

Unidade 1 O Poder Xudicial

1.- O Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal está regulado por:

- a) Lei.
- b) Orde do fiscal xeral do Estado.
- c) Lei orgánica.
- d) Real decreto.

2.- Segundo a Constitución Española, o órgano de goberno do Poder Xudicial é:

- a) O Ministerio de Xustiza.
- b) O Tribunal Supremo.
- c) O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) O Goberno.

3.- O Consello Xeral do Poder Xudicial está integrado por:

- a) 21 membros, nomeados polo Rey.
- b) O Presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e 21 membros nomeados polo Rey.
- c) O Presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e 20 membros nomeados polo Rey.
- d) Ningunha é correcta.

4.- Os Vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán nomeados por un período de:

- a) 4 anos.
- b) 5 anos.
- c) 9 anos.
- d) 3 anos.

5.- O nomeamento dos Vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial realizarase:

- a) Mediante real decreto, co refrendo do presidente do Goberno.
- b) Por Orde do Ministerio de Xustiza.
- c) Por real decreto refrendado polo Ministerio de Xustiza.
- d) Por Orde do Consello Xeral do Poder Xudicial.

6.- A quen lle corresponde a proposta de nomeamento do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial?

- a) Ao Rei.
- b) Ás Cortes Xerais.
- c) Ao ministro de Xustiza.
- d) Ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

7.-Será nomeado presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial:

- a) Polo Rei, entre os membros da Carreira Xudicial de todas as categorías que se atopen en servizo activo, con máis de 15 anos de experiencia na Carreira.
- b) Polo Rei, entre avogados en exercicio de recoñecida competencia.
- c) Polo Consello Xeral do Poder Xudicial, entre xuristas de recoñecido prestixio.
- d) Polo Rei, entre os membros da Carreira Xudicial coa categoría de Maxistrado do Tribunal Supremo e reunir as condicións esixidas para ser o propio presidente da Sala ou entre xuristas de recoñecida competencia, con máis de 25 anos no exercicio da súa profesión.

8.- Os xuíces serán nomeados:

- a) Por real decreto do presidente do Goberno.
- b) Por Orde do Ministro de Xustiza.
- c) Por Orde do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) Por real decreto visado polo ministro de Xustiza.

9.- Segundo a Constitución Española, promover a actuación da Xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e o interese público protexido pola lei é función propia:

- a) Dos Xuíces e Maxistrados.
- b) Do Ministerio Fiscal.
- c) Do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) Dos Tribunais de Xustiza.

10.- O Estatuto do persoal ao servizo da Administración de xustiza:

- a) É materia reservada á Lei orgánica.
- b) Poderá ser regulada pola lei ordinaria.
- c) Poderá ser regulado por norma regulamentaria.
- d) Regúlase por Orde do Consello Xeral do Poder Xudicial.

11. Son funcións do Ministerio Fiscal:

- a) Dar a todos os funcionarios que integran a Oficina Xudicial as ordes e instrucións oportunas en cada caso.
- b) Acordar a adopción de calquera medida cautelar ou limitativa de dereitos no transcurso dos procedementos xudiciais.
- c) Exercer en materia de responsabilidade penal dos menores as funcións que lle encomende a lexislación específica.
- d) Todas son correctas.

12.- A Sala Segunda do Tribunal Supremo é:

- a) A Sala do Civil.
- b) A Sala Social.
- c) A Sala do Penal.
- d) A Sala do Contencioso Administrativo.

13.- O Tribunal Supremo está integrado por:

- a) O presidente do Tribunal Supremo, os presidentes de sala e os maxistrados que determine o Consello Xeral do Poder Xudicial para cada Sala e, se é o caso, Seccións.
- b) O presidente do Tribunal Supremo, os presidentes de sala e un número de maxistrados igual ao de estos.
- c) O presidente do Tribunal Supremo, os presidentes das salas e dos maxistrados que determine a lei para cada unha das Salas e, se é o caso, Seccións nas que se poidan articular.
- d) O Presidente do Tribunal Supremo, os Presidentes de Sala e de Sección e cantos Maxistrados determine o Ministerio de Xustiza.

14.- Os presidentes de Sala do Tribunal Supremo serán nomeados:

- a) Entre os maxistrados que teñan tres anos de antigüidade na dita categoría.
- b) Entre os maxistrados do Tribunal Supremo que teñan tres anos de antigüidade na categoría.
- c) Entre os maxistrados do Tribunal Supremo que teñan cinco anos de servizo na categoría.
- d) Entre os maxistrados que teñan cinco anos de antigüidade na categoría.

15.- Das reclamacións de responsabilidade civil polos actos realizados no exercicio do seu cargo, dirixido co presidente do Goberno, coñecerá:

- a) A Sala Segunda do Tribunal Supremo.
- b) A Audiencia Nacional.
- c) A Sala de Revisión do Tribunal Supremo.
- d) A Sala do Civil do Tribunal Supremo.

16.- A Sala do Penal do Tribunal Supremo coñecerá de:

- a) A recusación contra tres dos seus Maxistrados.
- b) A persecución de delitos monetarios.
- c) Instrución e persecución dos delitos contra o titular da Coroa.
- d) Casación, revisión e demais recursos extraordinarios en materia penal que estableza a Lei.

17.- A Sala do Penal da Audiencia Nacional coñecerá:

- a) Dos delitos cometidos polos Maxistrados do Tribunal Supremo no exercicio das súas funcións.
- b) A investigación e a persecución dos delitos contra a forma de Goberno.
- c) A persecución dos delitos de falsificación de moeda, salvo que corresponda aos Xulgados Centros do Penal.
- d) Todas son correctas.

18.- A Sala de Apelación da Audiencia Nacional coñecerá de:

- a) Recursos de apelación contra sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza.
- b) Recursos establecidos pola Lei contra as resolucións da Sala do Penal da Audiencia Nacional.
- c) Recursos contra as resolucións dos Xulgados Centrais do Penal.
- d) Todas son correctas.

19.- Dos procesos especiais de impugnación de Convenios Colectivos cuxo ámbito territorial de aplicación sexa maior que o territorio dunha Comunidade Autónoma coñecerá:

- a) A Sala Cuarta do Tribunal Supremo.
- b) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma.
- c) A Sala do Social da Audiencia Nacional.
- d) A Sala Terceira do Tribunal Supremo.

20.- O presidente da Audiencia Nacional terá a consideración:

- a) De Maxistrado do Tribunal Supremo.
- b) De Presidente do Tribunal Supremo.
- c) De Maxistrado.
- d) De Presidente de Sala do Tribunal Supremo.